



Concello de A Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 18 DE OUTUBRO DE 2019

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. Manuel Meizoso López</p> <p>CONCELLEIROS: D^a. Natalia Paz Álvarez D. Emilio Riobó Piñón D^a. María Rocio Permuy Ramudo D. Juan Manuel Soto López D. Marcos Rodríguez Calvo D. Martín Blanco Hermida D^a. Olga María Blanco Teijeiro</p> <p>SECRETARIO: D. José Antonio Meizoso Paz</p>	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas do día dezaioito de outubro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres/as. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste a sesión a Concelleira D^a. Montserrat Seco Cabarcos</p>
--	--

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE AGOSTO DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de agosto de dous mil dezanove.

Formúlase polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo a seguinte observación á acta "debe constar na resposta feita polo Sr. Alcalde-Presidente á pregunta número catro que o Concello tiña cumprido o 100% ata ese momento"

Non se formulando ningún tipo máis de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS. ELECCIÓNS XERAIS 10 DE NOVEMBRO DE 2019

De seguido procédese ao sorteo por medios informáticos das mesas electorais, con motivo da convocatoria das Eleccións Xerais, convocadas para o día 10 de





Concello de A Capela

novembro de 2019, co seguinte resultado:

Distrito Censal	Sección	Mesa
1	001	A

TITULARES

Cargo na Mesa	1r Apelido	2º Apelido	Nome
Presidente	Rodríguez	López	Carlos
1º Vogal	Rodríguez	Sanmartín	María Cristina
2º Vogal	Loureiro	Menaya	María del Carmen

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1r Apelido	2º Apelido	Nome
1r Suplente Presidente	Teijeiro	Lara	Lara
2º Suplente Presidente	Corral	Bellas	José Manuel
1r de 1r Vogal	Vilar	Ferreira	Julio
2º de 1r Vogal	Naveiras	Calvo	Esther
1r de 2º Vogal	Naveiras	Arnoso	José Antonio
2º de 2º Vogal	Rodríguez	Sanmartín	David

Distrito Censal	Sección	Mesa
1	001	B

TITULARES

Cargo na Mesa	1r Apelido	2º Apelido	Nome
Presidente	López	Calvo	Lucía
1r Vogal	García	Sanjuán	María Angeles
2º Vogal	Meizoso	García	Esteban

SUPLENTES

Cargo na Mesa	1r Apelido	2º Apelido	Nome
---------------	------------	------------	------





Concello de A Capela

1r de Presidente	Fernández	Rodríguez	María Montserrat
2º de Presidente	Viñas	Cortizas	Piedad
1r de 1r Vogal	Pérez	Fernández	Jaime
2º de 1r Vogal	Arnosó	Galdo	Manuela
1r de 2º Vogal	Soto	Galdo	Marta
2º de 2º Vogal	Basoa	Calvo	Adrian

Do resultado do presente sorteo darase comunicación á Xunta Electoral de Zona de Ferrol.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9/2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 9/2019 (suplemento de créditos) que ascende á cantidade de cento corenta mil setecentos dezasete euros con noventa e seis céntimos de euro (140.717,96 €) con cargo a novos ingresos procedentes da Deputación Provincial da Coruña (POS+Adicional 1/2019 1ª Fase) que comprende as seguintes obras:

- "Pavimentación da estrada da Capela da Nosa Sra. das Neves", por importe de 70.270,86 €, IVE incluído.
- "Beirarrúas e iluminación nas Neves": PK 9+850 - PK 10+110, por importe de 70.447,10 €, IVE incluído.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que é necesario incluír estas partidas no orzamento municipal para de inmediato proceder a licitación e contratación das obras de referencia.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, díse que non hai nada que dicir con respecto ó expediente de modificación de créditos Nº 9/2019, pero que cando se aprobou o POS+Adicional 1/2019 1ª Fase o Grupo Municipal de AIAC xá manifestou que non se debe seguir co arranxo de beirarrúas, xá que o Concello da Capela ten outros déficits e necesidades.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dª. Olga María Blanco Teijeiro díse que non ten nada que dicir con respecto a este expediente de modificación de créditos.

De seguido toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que o Grupo Municipal de AIAC pideu no seu día que se debía dar unha nova imaxe a Capela e polo tanto con estas obras estase a facer iso.



Concello de A Capela

Respóstalle o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo decindo que cando se fala de darlle un lavado de cara a Capela nunca se falou das beirarrúas, xá que as baldosas se están en mal estado poden repararse.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor, 5 dos Sres/as. Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 1 voto da Sra. Concelleira do Grupo Mixto-PP e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número **9/2019** do Orzamento en vigor, na modalidade de **suplemento de crédito**, financiado con cargo a **novos ingresos** efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Ozamento corrente, de acordo ao seguinte detalle:

Estado de Gastos				
Aplicación	Descrición	Créditos Iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Prog. Económica	Acceso aos núcleos De poboación			
1531 61900	Investimentos en reposición de Infraestructuras destinadas ao uso xeral "Beirarrúas e iluminación nas Neves PK9+850-PK10+110"	86.904,06 €	70.447,10 €	157.351,16 €
1532 61900	Pavimentación de Vías municipais Investimentos en reposición de infraestructuras destinadas ao uso xeral "Pavimentación da estrada da Capela da Nsa.Sra. das Neves"	18.000,00 €	70.270,86 €	88.270,86 €
	TOTAL		140.717,96 €	

Esta modificación finánciase con cargo a novos ingresos, nos seguintes termos:

Estado de ingresos				
Aplicación económica				
Cap.	Art.	Conc.	Descrición	Ingresos Comprometidos
7	76	76101	POS+ADICIONAL 1/2019 1ª FASE	140.717,96 €



Concello de A Capela

TOTAL INGRESOS

140.717,96 €

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; e caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

IV.- EXPEDIENTE DE LICITACION E CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS SERVIZOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente tramitado para a licitación e contratación do subministro de enerxía eléctrica aos servizos e dependencias do Concello da Capela, xá que o contrato en vigor remata o vindeiro 31 de decembro de 2019.

O novo contrato faise por dous anos sin posibilidade de prórroga e ascende á cantidade de cento setenta e seis mil cento vinte e dous euros con noventa e cinco céntimos de euro (176.122,95 €), IVE incluído, polo tanto dí o Sr. Alcalde-Presidente que se debe proceder a aprobar o expediente polo Pleno do Concello como órgano competente nesta contratación de acordo coa proposta desta Alcaldía para posteriormente licitar e contratar o subministro de referencia.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, manifestase que hai un dato curioso que é o consumo que se supón que é da calefacción da Escola de Música que é bastante alto.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndese que é como consecuencia da calefacción eléctrica alí instalada pero o Concello non pode facer nada ata que a empresa Gas Natural, agora Naturgy, decida si cede ó Concello o Almacén e o edificio da Escola de Música.

Sen producirse debate e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar a resolución da Alcaldía Nº 2019-0287, do 6 de setembro, aprobando o inicio do expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento





Concello de A Capela

aberto para “subministración de enerxía eléctrica aos servizos e dependencias do Concello da Capela”, convocando a súa licitación.

Terceiro: O presente expediente tramítarase na modalidade de tramitación anticipada de gasto. A adxudicación quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato nos exercicios futuros.

Cuarto: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

Quinto: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Séctor Público.

Sexto: Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

Sétimo: A Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela neste contrato estará asistida por un técnico designado pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (Faepac).

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as dez horas e vinte e un minutos, de todo o cal eu, Secretario, do fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

